



Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa
REDE DE CONSERVATORIOS DE MÚSICA E DANZA DE GALICIA

Modelo MD85PRO01

Programación Didáctica

NOVAS TECNOLOXÍAS APLICADAS

Á MUSICA II

CURSO 2023-2024

Profesor: Jesús Iglesias Vicente



Índice

| | |
|---|-----------|
| 1. Introducción GP | 4 |
| 1.1 Presentación e xustificación | 4 |
| 1.2 A quen vai dirixida | 4 |
| 1.3 Coñecementos previos..... | 4 |
| 1.4 Relacións cos estudos de réxime xeral | 5 |
| 1.5 Relacións interdisciplinares | 5 |
| 2. Obxectivos das ensinanzas | 6 |
| Obxectivos xerais do grao profesional | 6 |
| 3. Obxectivos específicos | 7 |
| Grao profesional..... | 7 |
| 4. Metodoloxía | 8 |
| Organización do tempo e do espazo..... | 8 |
| 5. Atención á diversidade | 8 |
| 5.1 Nas actividades de clase..... | 8 |
| 5.2 Ó alumnado con necesidades específicas de apoio educativo..... | 8 |
| 5.3 Actividades extraescolares..... | 9 |
| 6. Temas transversais | 9 |
| 6.1 Educación en valores | 11 |
| 6.2 Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC´s) | 12 |
| 7. Actividades culturais e de promoción das ensinanzas | 12 |
| 8. Secuenciación do curso | 12 |
| 8.1 Curso: 6º de G.P. | 14 |
| 8.1.1 Obxectivos..... | 14 |
| 8.1.2 Contidos | 14 |
| 8.1.3 Avaliación..... | 15 |
| 8.1.3.1 Criterios de avaliación | 16 |
| 8.1.3.2 Mínimos esixibles | 17 |
| 8.1.3.2.1 Proba de mínimos esixibles | 17 |
| 8.1.3.3 Procedementos e ferramentas de avaliación..... | 18 |
| Avaliación Inicial..... | 18 |
| 8.1.3.4 Criterios de cualificación..... | 19 |



| | |
|---|-----------|
| 8.1.4 Medidas de recuperación..... | 20 |
| 8.1.4.1 Procedementos de recuperación ordinarios | 20 |
| 8.1.4.2 Probas extraordinarias | 21 |
| 9. Avaliación inicial | 21 |
| 9.1 Criterios de cualificación | 21 |
| 9.2 Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica | 22 |
| 10. Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento | 23 |
| 11. ANEXOS | 23 |
| 11.1 Probas de acceso a 6º de G.P. (Só para alumnos que non teñan aprobado 5º)..... | 23 |
| Exame | 23 |
| Criterios de avaliación..... | 23 |
| CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN..... | 24 |



1. Introducción GP

1.1 Presentación e xustificación

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, establece no seu artigo 6.2 que o Goberno fixará, en relación cos obxectivos, as competencias básicas, os contidos e os criterios de avaliación, os aspectos básicos do currículo que constitúen as ensinanzas mínimas. Así mesmo, a citada Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, no capítulo VI do título I, fixa as características básicas das ensinanzas profesionais de música, dentro das ensinanzas artísticas.

A finalidade do grao profesional das ensinanzas de réxime especial de música é proporcionarlle ao alumnado unha formación artística de calidade e garantir a cualificación dos futuros profesionais. Neste marco, o Real decreto 1577/2006, do 22 de decembro, polo que se fixan os aspectos básicos do currículo das ensinanzas profesionais de música reguladas na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, estableceu os aspectos básicos do currículo das ensinanzas profesionais de música, desenvolvidos no posterior decreto de 27 de setembro .

A presente programación dá concreción a dito decreto a nivel de aula, e será o documento polo que se desenrolen os diversos parámetros do traballo de aula dos docentes deste centro.

1.2 A quen vai dirixida

A presente programación está dirixida a alumnos do grao profesional. Para acceder a este grao non existen límites de idade, polo que os grupos das materias colectivas non teñen por que ser homoxéneos.

1.3 Coñecementos previos

Para o acceso a 1º de grao profesional é preciso ter aprobada a proba específica de acceso. Pódense facer probas similares para acceder ao resto dos cursos.



Os alumnos que superen o curso pasarán ao seguinte cun máximo de dúas materias pendentes.

1.4 Relacións cos estudos de réxime xeral

A maioría dos alumnos compatibilizan estes estudos con outros de réxime xeral. Nun porcentaxe amplo, os alumnos dos primeiros cursos de grao profesional cursan a E.S.O. e os alumnos de 5º e 6º de grao profesional compatibilizan os nosos estudos co bacherelato.

1.5 Relacións interdisciplinares

| | |
|------------|---|
| INSTRUMENT | Na asignatura de instrumento o alumno porá en práctica os coñecementos que vaia adquirindo no resto das asignaturas, para desenrolar as sensibilidades auditivas, técnicas, musicais e personais propias dun futuro instrumentista. |
| Linguaxe | Senta as bases da lectura e comprensión das partituras instrumentais, e permite que os alumnos realicen unhas interpretacións de calidade. |
| Coro/Or | Incorporan aos alumnos en grupos numerosos, e os fan participar dunha sección coa responsabilidade que require. Inciden nun desenrolo técnico propio do traballo en conxunto. |
| Harmoni | Faculta aos alumnos a recoñecer a importancia da súa voz cando tocan dentro dun conxunto, e os axuda a comprender os elementos compositivos que integran o seu repertorio. |



| | |
|------------|--|
| Análise | Senta as bases que permiten que o alumno entenda e consiga interpretar a música que escoita, le, ou toca desde un punto de vista técnico e artístico de acordo co estilo musical da época na que a obra foi composta. Nun aspecto ou noutro ten unha relación directa con todas as demais materias dos cursos 5º e 6º. |
| Histo | Aporta á materia coñecementos sobre os estilos das diferentes épocas e autores, así como datos sobre o contexto sociocultural e de cómo este inflúe na estética musical. |
| Informátic | As novas tecnoloxías aplicadas á música darán máis liberdade aos alumnos para que expresen a súa creatividade e para que poidan empregar recursos no seu estudo individual (Gravarse, editar partituras, etc....) |
| Conxunto | Con esta materia os alumnos son responsables co seu traballo individual do resultado do conxunto. Os alumnos deben empregar tódalas ferramentas aprendidas nas clases instrumentais así como os coñecementos adquiridos nas clases colectivas. |
| Rep..Acom | Repentización e acompañamento e piano complementario (dependendo da especialidade cursada): dotarán aos alumnos das ferramentas de apoio que precisan para adquirir unha comprensión global da música. |

2. Obxectivos das ensinanzas

Obxectivos xerais do grao profesional

1. As ensinanzas profesionais de música teñen como obxectivo contribuir a desenvolver no alumnado as capacidades xerais e os valores cívicos propios do sistema educativo e, ademais, as capacidades seguintes:



- a) Habituar a escoitar música e establecer un concepto estético que permita fundamentar e desenvolver os propios criterios interpretativos.
- b) Desenvolver a sensibilidade artística e o criterio estético como fonte de formación e enriquecemento persoal.
- c) Analizar e valorar a calidade da música.
- d) Coñecer os valores da música e optar polos aspectos xurdidos dela máis axeitados para o desenvolvemento persoal.
- e) Participar en actividades de animación musical e cultural que permitan vivir a experiencia de transmitir o goce da música.
- f) Coñecer e empregar con precisión o vocabulario específico relativo aos conceptos científicos da música.
- g) Coñecer e valorar o patrimonio musical como parte integrante do patrimonio histórico e cultural.
- h) Tomar consciencia da importancia dunha escoita activa como base imprescindible na formación de futuros profesionais.
- i) Fomentar a utilización do patrimonio musical en xeral, e a do galego en particular, como medio indispensable no enriquecemento da persoa e da súa formación musical.

3. Obxectivos específicos

Grao profesional

- Coñecer as ferramentas que ofrecen os dispositivos dixitais para a creación e edición de material audiovisual.
- Acadar un nivel básico de competencia no rexistro e edición de arquivos de audio dixital na aula.
- Exportar e compartir en rede arquivos de audio creados na aula.
- Coñecementos básicos de software de rexistro e edición de audio tanto para Windows como para Mac OSX (Logic, Studio One, Cubase etc...)



4. Metodoloxía

Organización do tempo e do espazo

Estes aspectos veñen definidos polas características físicas do edificio, e polos horarios da ensinanza obrigatoria. A xefatura de estudos elaborará o reparto de aulas e espazos do centro conforme crea convinte.

5. Atención á diversidade

5.1 Nas actividades de clase

A ensinanza de novas tecnoloxías require dunha constante adaptación por parte do profesor ás condicións específicas de cada alumno co fin de dar unha resposta educativa máis axeitada ás súas necesidades. Para atender a esta diversidade realizaremos unha avaliación inicial centrándonos en tres criterios:

- a. En función do seu nivel musical e tecnolóxico.
- b. En función da súa actitude e interese hacia os estudos musicais e tecnolóxicos.
- c. En función do grao de adaptación segundo as súas condicións físicas.

5.2 Ó alumnado con necesidades específicas de apoio educativo

Ante un caso con necesidades educativas especiais podemos recurrir a diferentes medidas e respostas para atender a diversidade que ocasione. En primeiro lugar debemos ter claro que os centros escolares deben permitir a integración funcional, social e física do alumno. As medidas poden necesitar unha dotación de recursos extraordinarios que se clasifican en medios persoais (profesores de apoio, tradutores, especialistas...), medidas ambientais e materiais e medios de acceso físico. Ademais pode existir a necesidade dunha adecuación curricular. Esta pode basearse nunha medida de reforzo educativo que pode ter cabida no conservatorio, ben interno ou externo ao centro ou nunha atención curricular



individualizada (ACI), que só se realizará cando se poida prever que o problema é transitorio e que o alumno alcanzará un desenvolvemento normal nun tempo estimado, xa que non se permite rebaixar o nivel dos obxectivos de cada curso.

5.3 Actividades extraescolares

As actividades extraescolares estarán organizadas polo centro, e estarán relacionadas con aspectos propios das ensinanzas de música: Cursos especializados, asistencia a concertos ou ensaios de agrupacións de música, visita a museos ou similar, concertos fora do centro, etc.. Os alumnos e os seus responsables legais estarán informados con anterioridade de tódolos datos pertinentes. Nestas actividades, organizadas para incentivar aos alumnos e mellorar a súa educación, resaltaránse, ademais valores de respecto e convivencia, entre outros.

6. Temas transversais

A inclusión de temas transversais nos diferentes sistemas educativos responde á necesidade de levar ó terreo educativo toda unha serie de medidas adoptadas de xeito intergubernamental polos gobernos dos países desenvolvidos, surtidas a partir dunha serie de preocupacións comúns ante os efectos negativos do desenvolvemento tecnolóxico e cultural nas sociedades máis avanzadas, que teñen que ver coa saúde, o medio ambiente, os conflitos armados, o racismo, a discriminación, etc. e que atañen non só o desenvolvemento de cada unha delas, senon tamén ó da totalidade da humanidade. Dita inclusión responde tamén á preocupación de certos sectores críticos ante ideoloxías dominantes neste tipo de sociedades.

Deste xeito, a interpretación musical, no noso caso, é a meta e, como tal, implica o desenvolvemento da personalidade e a sensibilidade, xa que a música é un vehículo de emocións.

O Profesor será guía e conselleiro, ademais do principal protagonista na construción da súa personalidade artística, dentro desta asignatura. Así pois, a programación será aberta, non ríxida, potenciando a adaptación as características e necesidades do alumnado, dentro dun marco dunha ensinanza individualizada.

A audición, repetición de exercicios, visualización de DVD's... dará lugar a un



diálogo - debate entre profesor e alumnos, co cal poderemos potenciar o respecto, a crítica (á vez ca autocrítica) ...

Aparte dos valores universais de respecto e convivencia que afectan aos ámbitos da educación ambiental, da educación para a igualdade, da educación para a paz, da educación para o lecer, da educación do consumidor e da educación moral e cívica, que sempre son traballados nas clases individuais e colectivas, nas aulas traballaremos especialmente para que os alumnos adquiran coñecementos e habilidades para ser capaces de valorar a música desde un punto de vista estético e artístico.

Nas clases deberá existir un clima de distensión e relaxación, para favorecer as verdadeiras características do alumno. É importante, a súa vez, que exista unha interrelación entre os diferentes alumnos; toda esta relación repercutirá posteriormente nunha mellor interpretación en conxunto, existindo unha maior complicidade entre eles.

Os temas transversais aplicados a materia de acordeón poderíanse adecuar do seguinte xeito:

| | |
|-------------------------------------|---|
| Educación para a Convivencia | – Fomentar o diálogo como xeito de solución de diferenzas, por medio de intervencións dos alumnos en aspectos de dixitación, arqueo... |
| Educación para a Saúde | – Coidar os hábitos de saúde postural na aula |
| Educación para a Paz | – Analizar obras cun fin de integración entre pobos, fomento da paz, tolerancia e convivencia entre pobos. – Apreciar e valorar a diversidade cultural, estética, musical... de Europa como mostra de convivencia entre pobos. |
| Educación para a | – Analizar na historia da Música, o número de compositores e compositoras e recoñecer situacións |



| | |
|--------------------------------|--|
| igualdade entre sexos | de discriminación por razón de sexo. – Reflexionar e sacar consecuencias das situacións observadas para evitar a discriminación. |
| Educación ambiental | – Deducir a influencia do Universo, natureza... en todos os seus sentidos, nos compositores á hora de compoñer obras. |
| Educación sexual | – Analizar e comentar hábitos sexuais dos compositores dentro do seu contexto histórico e confrontalos cos conceptos actuais e a súa influencia á hora de compoñer. |
| Educación para Europa | – Analizar a evolución da Música de acordeón feita en Europa. – Valorar o legado europeo no pensamento, cultura.... na Música. |
| Educación multicultural | – Despertar o interese pola cultura que os diferentes países e os seus pobos desenvolveron, legaron e evolucionaron, suñando as súas diferenzas e semellanzas con outras culturas, desenvolvendo así actitudes de respecto por outros pobos. |

6.1 Educación en valores

Aparte dos valores universais de respecto e convivencia que afectan aos ámbitos da educación ambiental, da educación para a igualdade, da educación para a paz, da educación para o lecer, da educación do consumidor e da educación moral e cívica, que sempre son traballados nas clases individuais e colectivas, nas aulas traballaremos especialmente para que os alumnos adquiren coñecementos e habilidades para ser capaces de valorar a música desde un punto de vista estético e artístico.



6.2 Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC's)

O centro debe contar con algún equipo informático con conexión a Internet a disposición de profesores e alumnos. Para esta materia a rede é unha importante fonte de información, tanto para a consulta de fondos de bibliotecas, lectura de artigos especializados sobre a materia, busca de partituras, arquivos de audio, ou libros especializados, etc. A biblioteca- fonoteca- videoteca do centro convértese no lugar máis adecuado para a obtención de información, deberemos animar e axudar aos alumnos a utilizar este espazo con aproveitamento. É recomendable usar na aula tecnoloxías da información e da comunicación, sempre que contemos con recursos que nolo permitan.

7. Actividades culturais e de promoción das ensinanzas

Enfocaremos o fomento da lectura en dúas vertentes: por unha banda, a literatura musical, procurando que os alumnos teñan acceso a diversos autores e estilos e incentivando o seu interese por coñecelos; por outra banda ofreceremos acceso a diversa literatura especializada sobre a materia.

8. Secuenciación do curso

Debido á densidade da materia que compoñen as Novas Tecnoloxías para os alumnos de Conservatorio e artes escénicas, esta programación didáctica estará enfocada á produción de audio profesional, dividida en tres trimestres con contidos teóricos e cunhas prácticas asociadas que na medida do posible se realizarán na aula.



Todo o alumnado deberá aportar o equipo necesario para poder desenvolver todas as actividades relacionadas e planeadas na asignatura de NNTT, así como para exames e convocatorias extraordinarias. isto é:

- Ordenador portátil
- Dispositivos móbiles (tablet, smartphone, etc)
- Calquera dispositivo de uso personal necesario para o desenvolvemento da materia.



8.1 Curso: 6º de G.P.

8.1.1 Obxectivos

- Coñecer os diferentes dispositivos de rexistro de audio, tanto físicos coma virtuais. Tarxetas de son, previos, procesadores de efectos, procesadores de sinal, Daw, instrumentos virtuais, etc. para a creación e edición de material audiovisual.
- Acadar un nivel básico de competencia que permita o rexistro, edición e mestura de arquivos dixitais na aula.
- Exportar e compartir en rede arquivos dixitais traballados ou elaborados na aula.

Coñecementos básicos de software de edición de audio profesional tanto para Windows como para Mac OSX (Logic, Studio One, protools, reason, etc...)

- Manter relacións fluidas cos membros do grupo no que está integrado, colaborando na consecución dos obxectivos asignados.
- Respetar o traballo dos demais e colaborar activamente nas tarefas colectivas para a súa correcta realización.
- Respetar as ideas dos membros do grupo fomentando un clima de respecto e tolerancia na aula.

8.1.2 Contidos

AUDIO

- A cadea de produción
fases nas que se divide o proceso de produción de audio.
Material de audio. Sistemas de entrada e sistema de saída.
- Sistema de rexistro de audio.
(Daw, smartphone, grabadora, etc.)
- Microfonía.
Tipos de micrófonos (condensador, cinta, dinámicos)



- Interfaces de audio.
- Procesadores de sinal.
 - Preamplificadores.
- Conversores.
 - Ecualizadores.
 - Compresores
- Captura de audio.
 - Colocación e distribución dos micrófonos.
 - Técnicas básicas de microfoneo. (mono, stereo, AB, ORTF, etc).
- Mistura de audio.
 - Mestura mediante software ou mesa de mesturas.
 - Distintos tipos de software existente. Características
 - Distribución dos instrumentos nas mestura. (Nivéis, balance, paneo)
 - Aplicación de efectos e ecualización (reverb, delay, modulacións)
- Masterización.
 - Exportación e compartición de arquivos de audio.

8.1.3 Avaliación

A avaliación é continúa para poder detectar as necesidades do grupo en todo momento, e correxir posibles deficiencias.

Por outra banda utilizaremos diferentes tipos de avaliación en función da situación concreta a quen vaia destinada, a súa finalidade e función.

MÉTODOS DE AVALIACIÓN

Autoevaluación

Levada a cabo polos membros do grupo.

Avaliación con función formativa ou avaliación continúa

Aplicada sobre a marcha do proxecto, utilizar como estratexia de mellora para conseguir as metas ou obxectivos previstos.



Avaliación sumativa

Ten como obxectivo a valoración de procesos terminados, con valoración precisas e valorables e a súa valía en función do emprego que se desexa facer do mesmo posteriormente. Neste caso, valoración dos arquivos audiovisuais elaborados desde un punto de vista crítico para os membros do grupo e a posteriori coa valoración do especialista.

8.1.3.1 Criterios de avaliación

- Mostrar unha disposición e actitude adecuada para a convivencia do grupo.
- Recoñecer e aplicar as características e posibilidades do grupo para a realización e consecución das tarefas encomendadas.
- Coñecer e aplicar os coñecementos técnicos do equipo físico e do software, necesarios para o rexistro e edición na aula, empregando correctamente os conceptos e características de acordo ás posibilidades do equipo e programa/software empregado.
- Consecución óptima do proxecto, práctica, traballo ou calquera actividade relacionada coa materia impartida encargada polo profesor.
- Demostrar como alumno que é capaz de integrarse como membro dun conxunto, respetando as capacidades, calidades e propostas do resto dos seus compañeiros.
- Exposición e presentación dos materiais elaborados, mediante os medios dixitais ou non dixitais segundo as indicacións do profesor.
- Entrega de prácticas ou material elaborado segundo os requirimentos do profesor e transcurrir da materia, no prazo asignado polo profesor.
- Control, organización e análise das técnicas de rexistro de audio en función da situación e do material dispoñible para a correcta consecución dos traballos solicitados.



8.1.3.2 Mínimos esixibles

- Montaxe e operatividade con micrófonos, mesa de mesturas, interface de audio ou calquera equipo dispoñible, nunha situación de estudio ou exterior. Control de ganacia, posición dos micrófonos, interconexión dos equipos ou calquera outro concepto a criterio do profesor.
- Rexistro dunha situación real (interpretación, locución, entrevista, concerto, etc) utilizando diferentes plantexamentos de resolución, rexistro sonoro, empregando os diferentes tipos de técnicas explicadas ou traballadas na clase.
- Edición dos traballos elaborados mediante software específico, (Logic, Studio One, Protools, Reason etc) xestión de audio, edición, mestura, mastering.
- Bases teóricas, tipos de micrófonos e as súas características, Ecualización, masterización, cableado, tipos de altavoces, tarxetas de son, etc.
- Calquera outro concepto ou explicación que requira o profesor baixo o seu criterio pedagóxico relacionado coa materia impartida ou as prácticas realizadas.

8.1.3.2.1 Proba de mínimos esixibles

Esta proba, poderá levarse a cabo previa á avaliación ordinaria. Evaluaranse os coñecementos, procedementos e actitudes mínimos esixibles da programación.

Debe terse en conta, que en caso de facerse esta proba de mínimos (é potestade do profesor decidir se se fai ou non), farase a todos, ou a unha parte dos alumnos. Se se fai so a unha parte dos alumnos, serán aqueles que cumplan as seguintes características:

- Aquel que non presente ou supere o 75% das prácticas ou traballos realizados na clase.
- Aquel que non teña superado as probas escritas feitas durante o curso.



- Aquel que teña faltas xustificadas ou sen xustificar equivalentes a 4 sesións de clase.

A proba poderá constar dos seguintes requirimentos:

- Examen teórico (escrito ou oral). Decídese avaliar os coñecimentos mínimos esixibles na programación.
- Exame práctico. Realizaranse una ou varias probas prácticas que demostren a adquisición e asimilación das destrezas correspondentes aos contidos impartidos.

Se se fan as dúas probas, a nota final saídrá da media entre ambas.

Exame teórico: 50%

Exame práctico: 50%

8.1.3.3 Procedementos e ferramentas de avaliación

Avaliación Inicial

A comezo de cada curso lectivo, realizarase una avaliación inicial coa intención de analizar o punto de partida de todos os alumnos, para así detectar os coñecementos e destrezas das que se parte. Este tipo de avaliación, está pensada de xeito orientativo, para que os profesores escollan as metodoloxías máis apropiadas ao nivel de desenvolvemento dos alumnos.

A avaliación inicial, dependendo da materia que se trate, constará dunha proba práctica ou escrita a criterio do profesor, e basearase en conceptos básicos de audio.

A avaliación é continúa para poder detecta-las necesidades do alumno en todo momento, e corrixir posibles deficiencias (o profesor, ten potestade para modificar en calquera mometo o material didáctico de referencia estruturado para cada alumno ao principio do curso conceptos técnicos, traballos, exposicións, datas de entrega de traballos ou presentacións dos mesmos, etc.), se considera que se está a producir un estancamento no seu proceso de aprendizaxe.



Poderán realizarse as seguintes actividades de avaliación en cada unha das avaliacións ordinarias de trimestre:

- Elaborar documentación relativa ás prácticas propostas polo profesor.
- Realizar e presentar na data fixada, os traballos realizados na clase, en tempo e forma.
- Defender públicamente un traballo realizado.
- Proba escrita.
- Proba práctica.
- Controis individuais, tanto oráis como escritos para o control da asimilación da materia e verificar o proceso de aprendizaxe.

Ao longo das clases, realizaranse frecuentes observacións, que permitan comprobar a participación activa de cada alumno. Teranse en conta igualmente as actitudes dos alumnos na clase, a nivel comportamento, integración no grupo, así como no interese pola materia.

pódense distinguir varios momentos na avaliación:

- Primeira avaliación: coincide coas vacacións de Nadal, e inclúe a avaliación inicial, necesaria para que o profesor coñeza a situación do alumno ó principio do proceso de aprendizaxe, para elaboralas estratexias.
- Segunda avaliación: coincide coas vacacións de Semana Santa.
- Terceira avaliación e final: na que se terá en conta os obxectivos alcanzados ó longo de todo o curso.

8.1.3.4 Criterios de cualificación

- As actividades diarias de clase
- Exames teóricos, prácticos ou exposicións na clase que se realizarán como mínimo unha vez ó trimestre de todo o material traballado e explicado a criterio do profesor.
- Integración, actitude e participación na clase.



- Entrega de traballos/prácticas na data e forma fixada.
- Actitude/interés/esfuerzo.

A nota será calculada mediante as notas parciais atendendo ós distintos aspectos avaliativos, e seguindo as seguintes porcentaxes:

Criterios teórico-prácticos: 50%

Criterios estéticos: 40%

Criterios actitudinais: 10%

8.1.4 Medidas de recuperación

As medidas de recuperación trataranse de forma individual dependendo da casuística de cada alumno. Así por exemplo, un alumno que acumule faltas de asistencia con ou sen xuntificación deberá asumir calquera dos supostos detallados a continuación:

- Exposición ou presentación de material de audio (rexistro de locución, concerto, sesión de estudo instrumental etc), material teórico, traballos ou calquera exercicio, a criterio do profesor relacionado coa materia impartida.
- Exames escritos.

8.1.4.1 Procedementos de recuperación ordinarios

- Actividades de recuperación individuais, en cada caso, mediante un informe elaborado polo profesor.
- Os alumnos que necesiten medidas de recuperación poderán asistir como oíntes ás clases de compañeiros de niveis similares.
- Exames ou probas tanto teóricas como prácticas de recuperación ao longo do curso a criterio do profesor.

Os profesores contemplarán a posibilidade de destinar algunhas clases colectivas a traballar aspectos técnicos concretos como medida de recuperación para os alumnos que o necesiten.



8.1.4.2 Probas extraordinarias

Os alumnos que non superen o curso na convocatoria de xuño teñen dereito a un exame en convocatoria extrahordinaria.

Neste exame de obrigada asistencia para a superación do curso, deberán realizar unha ou dúas probas a criterio do profesor.

- Examen teórico (escrito ou oral).
Decídese avaliar os coñecementos mínimos esixibles na programación.
- Exame práctico. Realizaranse unha ou varias probas prácticas que demostren a adquisición e asimilación das destrezas correspondentes aos contidos impartidos ou contemplados nesta programación didáctica.

Se se fan as dúas probas, a nota final saldrá da media entre ambas.

Exame teórico: 50%
Exame práctico: 50%

9. Avaliación inicial

A comezo de cada curso lectivo, realizarase una avaliación inicial coa intención de analizar o punto de partida de todos os alumnos de GE e GP, para así detectar os coñecementos e destrezas das que se parte. Este tipo de avaliación, está pensada de xeito orientativo, para que os profesores escollan as metodoloxías máis apropiadas ao nivel de desenvolvemento dos alumnos.

A avaliación inicial, dependendo da materia que se trate, constará dunha proba práctica ou escrita a criterio do profesor, e basearase en conceptos básicos de cultura audiovisual.

9.1 Criterios de cualificación

O alumno será avaliado cando proceda segundo a normativa vixente baseándose nas seguintes probas:

- Examen teórico (escrito ou oral). Decídese avaliar os coñecementos mínimos esixibles na programación.



- Exame práctico. Realizaranse una ou varias probas prácticas que demostren a adquisición e asimilación das destrezas correspondentes aos contidos impartidos.

Se se fan as dúas probas, a nota final saírá da media entre ambas.

Exame teórico: 50%
Exame práctico: 50%

9.1.2 Proxectos

Como prácticas finais o alumnado de NNTT2 terá a posibilidade de colaborar no rexistro audiovisual/gravacións das seguintes actividades:

Gravacións relacionadas co Peque Coro e Coro in Crecendo.

Certame de Creación musical.

Recitais de final de Grao Profesional.

Concertos en todas as súas variantes, (profesores, alumnos, artistas invitados, etc)

Charlas e conferencias.

Todas aquelas actividades do Conservatorio relacionadas con contidos audiovisuais.

9.2 Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica

Mensualmente destinaráse a lo menos una hora para valorar e revisar o desenvolvemento e o resultado das programacións didácticas. Nesta valoración incluíranse os obxetivos non acadados de cada una das especialidades.



10. Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento

Ao remate de cada trimestre valorarásse o funcionamento interno do departamento en función dos datos obxetivos recollidos polo mesmo. Cada departamento implementará o sistema máis axeitado para relizar dita valoración.

11. ANEXOS

11.1 Probas de acceso a 6º de G.P. (Só para alumnos que non teñan aprobado 5º)

Exame

No momento do exame o alumno deberá realizar dous exercicios:

- 1º Exercicio teórico donde se avaliarán o coñecemento de conceptos de audio profesional.
- 2º exercicio práctico no que o alumno realizará unha produción de áudio baseadas nas indicacións do professor.

Edición e mestuda dun arquivo de audio segundo as indicacións do profesor.

- O alumno deberá aportar o seu propio ordenador portátil ou similar para a consecución das probas.
- O alumno disporá dun máximo de 2 horas para a realización das probas.

Criterios de avaliación

- Demostrar un control sobre a terminoloxía de audio profesional para garantir a calidade da consecución dos diferentes exercicios e cuestións que se requiran nos exercicios planeados segundo esixencias do nivel.



- Aplicar coa suficiente autonomía os coñecementos técnicos necesarios para solucionar cuestións relacionadas co audio profesional

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

- Grao de dominio do sistema tecnolóxico utilizado para a execución dos exercicios planeados, microfonía e equipos de audio, software utilizado, plugins, efectos externos, configuración e montaxe dos equipos.
- Capacidade para utilizar as posibilidades dos equipos técnicos específicos para conseguir os efectos requeridos.

A nota final saldrá da media entre ambas probas

Exame teórico: 50%

Exame práctico: 50%